

IDEAS
PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS
28 ABRIL 2024

Unido á VIDE para ter VIDA

1. VER: O oficio de viñateiro

- O domingo pasado aprendemos o oficio de pastor de Xesús, o Bo Pastor. Outro dos oficios que había na terra de Xesús era o dos viñateiros.

Estes coidan as viñas, coidan cada cepa ao longo de todo o ano. É un oficio duro porque esixe plantar, cavar, coidar, podar, atar, eliminar parasitos, abonar, vendimar, preparar o viño... Xesús falaba da viña, do viño que faltou nunha voda etc.

*Que fai un viñateiro?
En que se parecerá Xesús e unha cepa ou vide?*

2. XULGAR: Unido á VIDE para ter VIDA

- Estes domingos, Xesús Resucitado estanos axudando a coñecelo: as lecturas indícanos que é Alegría, Paz, Pan, Palabra, bo Pastor....

Hoxe dinos: *“eu son a VIDE e vós os BACELOS; meu Pai é o labrador; o que permanece UNIDO a min e eu a el, ese dá FROITO abundante, porque sen min non podedes facer nada...”*.

QUE NOS QUERE DICIR?

- Hoxe Xesús dinos: *“meu Pai é o labrador”*. Deus é quen nos planta, códanos, réganos e prepáranos para que a nosa vida

valla a pena. O obxectivo é que deamos froito, froito abundante.

Só deixándonos traballar por Deus, abandonándonos nas súas mans, daremos froito. **Só se el nos poda**, se corta o que nos leva por mal camiño, o que nos separa del, daremos froito.

- **“O que permanece UNIDO a min e eu a el, ese dá FROITO abundante”**. S. Xoán explícanos que Xesús é a cepa, o tronco e nós somos os bacelos, as ramas. Estas, se non están unidas á cepa, secan, non dan froito.

Para ter a VIDA de Deus, para dar froito doce, grande, bo, vivamos unidos a Xesús nos **sacramentos**. Sen froito non valemos para nada.

- Pero a vida que atopamos en Xesús é para regalala. Es a “regadeira” de Xesús (ver Fano) para levar alegría, dozura, amor.

***Vives unido a Xesús?
Como creces nesa unión?***

3. ACTUAR: Conéctate a Xesús para ter a súa VIDA.

- Non te esquezas de vivir “enchufado” a Xesús. Vive preto del, que non che falte a cobertura da súa Palabra e do seu Espírito.

Dá grazas pola parroquia ou a comunidade que nos une a Xesús e por tantas persoas que son o rostro de Xesús resucitado hoxe e son un exemplo para nós: pais, catequistas, sacerdotes...

Transmitamos a todos a alegría de estar unidos á Vide: a alegría de Xesús, a alegría de María, a alegría da Igrexa que é Comunidade do Resucitado.

Que imos facer?

LECTURAS

FEITOS 9, 26-31: *El contoulles como vira o Señor no camiño.*

Naqueles días, cando chegou Saulo a Xerusalén, procuraba xuntarse cos discípulos, pero todos lle tiñan medo por non creren que fose discípulo de verdade.

Pero Bernabé colleuno consigo e levouno onda os apóstolos. Saulo contoulles que vira o Señor no camiño, que lle falara e que en Damasco predicara publicamente no nome de Xesús.

Conviviu con eles en Xerusalén, predicando con ousadía no nome do Señor. Falaba e discutía tamén cos helenistas, pero estes querían matar. Ao sabelo, os irmáns levárono para Cesarea e fixérono seguir a Tarso.

Daquela, a Igrexa tiña paz en toda a Xudea, Galilea e mais Samaría.

Crecía coma un edificio, progresaba na fidelidade ao Señor e coa asistencia do Espírito Santo ía aumentando en número.. *Palabra do Señor.*

SALMO 11: *O Señor é a miña loanza na grande asemblea.*

I XOÁN 3,18-24: *Este é o seu mandamento: que creamos e que amemos.*

XOÁN 15,1-8: *O que permanece en min e eu nel, ése dá froito abundante.*

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús:- *Eu son a verdadeira vide, e meu Pai é o labrador. O bacelo que en min non leva froito arríncao; e o que leva froito límpao, para que leve aínda máis froito.*

Vós xa estades limpos, pola palabra que vos teño falado.

Permanecede en min e eu en vós. *Así como o ramo non pode levar froito pola súa conta se non permanece na vide, tampouco vós se non permanecedes en min.*

Eu son a vide, vós os bacelos. Quen permanece en min e eu nel ese leva froito abondoso, pois fóra de min non podedes facer nada.

Se alguén non permanece en min, é coma os ramos arrincados fóra, que secan; apáñanos, bótanos no lume e arden. Se permanecedes en min e as miñas palabras permanecen en vós, pedide o que queirades e hásevos facer.

Nisto é glorificado meu Pai, en que levedes froito abondoso e vos mostredes coma discípulos meus.

Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús)